



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complejo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfn.: **607881916** /
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



CAMPIONATO PROVINCIAL MAR-COSTA PONTEVEDRA

O Campionato Provincial de Mar-Costa, Categoría Absoluta, está convocado pola Federación Galega de Pesca e Cásting, sendo responsable da súa organización a Delegación Provincial desta Federación en Pontevedra, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade. A Competición rexerá polo Regulamento de Competición de Pesca Deportiva e Cásting da F.E.P. e C.

Lugar e Data:

Desenvolverase en: **PRAIA "A LANZADA"**

Alternativa: **PRAIA DE "MONTALVO"**

Na data : **22-03-2014**

BASES

Xurado: A súa composición farase pública na reunión de Delegados para o Sorteio.

Mangas: Desenvolverase en **dúas** mangas de **tres horas** cada unha delas. Tanto o inicio como o remate da manga será indicado con sinais acústicas.

A adxudicación dos distintos postos aos deportistas farase por sorteo.

Capturas: Os exemplares presentados á pesaxe aos que, polo menos lle falte un centímetro para acadar a talla mínima legal, contarán como penalización que será a equivalente ao peso deses exemplares.

Material Deportivo:

Canas: Nesta especialidade de Mar Costa autorízase ter dúas canas en tarefa de pesca, podendo ter montadas, de reserva, outras máis.

Cebo: Suministraráo o Comité Técnico e comporase de 6 caixas gavián e 2 de coreano na 1ª manga, e 7 caixas de gavián e 1 de coreano na 2ª manga.

O prezo por manga é de **15 Euros** (Prezo total para as dúas mangas 30 euros), que serán pagados polos participantes na reunión de Delegados.



Praza Agustin Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfn.: **607881916** /
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



Programa día 22-3-2014

15:00 horas: Reunión no “Bar Caribe” Revolta - Noalla
15:30 horas: Sorteio de postos.
17:00 horas: Inicio Primeira Manga.
20:00 horas: Fin da Primeira Manga.
21:00 horas: Inicio da Segunda Manga.
24:00 horas: Fin da Segunda Manga.

Os horarios, poderán ser modificados por estar a praia ocupada por bañistas ou por outros condicionantes.

Normas de comportamento:

- 1º Para facer o lance prohibese entrar na auga.
- 2º Unha vez feito o lance, os deportistas e as canas deberán estar na parte seca, dende onde se fará a acción de clavado e loita coa peza.
- 3º Ao sinal de fin da manga é obrigado desistir de inmediato na acción de pesca, debendo retirar o aparello da auga e poñendo as canas en repouso.
- 4º As capturas presentadas á pesaxe estarán libres de area, argazo, restos de aparellos, auga o calquera outros corpos alleos ás capturas mesmas.
- 5º Os deportistas agardarán a retirada das súas capturas no seu posto.
- 6º Art. 25.5 do Regulamento de competicións. Está totalmente prohibido botar calquer tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ó entorno. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.
- 7º Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

A pesaxe comezará media hora despois do sinal de fin de proba.

Para outras disposicións non recollidas nas presentes bases, rexeranse polas Normas da Federación Española de Pesca y Casting da especialidade.

Asdo. Manuel González Martínez

Delegado da F.G.P. en Pontevedra